



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 2 DE OUTUBRO DE 2014.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. Jaime Eduardo de Olano Vela

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dous de outubro de dous mil catorce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusa a súa asistencia D. Jaime Eduardo de Olano Vela,

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE DATAS 04/09/2014 E 18/09/2014.

Non existindo observación algunha, por unanimidade, apróbanse as actas das sesións celebradas polo Pleno da Corporación en data 04/09/2014 e 18/09/2014.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

3.- ADHESIÓN Á DELEGACIÓN PROVINCIAL DA OFICINA DO CENSO ELECTORAL.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este punto consiste en acordar a adhesión á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral, non supoñendo custo algún para o Concello. Indica que este punto foi dictaminado pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a adhesión á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral, dando traslado do presente acordo ó Negociado de Estatística para a realización dos trámites precisos en orde a levar a cabo dita adhesión.

4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA 2014, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Visto o expediente de modificación de créditos nº 023/2014, por importe de 200.000 euros, mediante suplemento de crédito para facer fronte ó pago de sentencias xudiciais. Dito expediente conta con informe favorable de Intervención e foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra á concelleira de facenda, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, que intervén para dicir que esta modificación orzamentaria está motivada pola necesidade de dotar orzamentariamente unha partida para facer fronte a pagos derivados de sentenzas. Di que sairon na prensa débedas derivadas da xestión do Porto Deportivo, indicando que polo de agora non hai ningunha sentenza firme, pero cóntase con remanente de tesourería positivo do 2013, polo que se vai dotar de 200.000 euros para posibles imprevistos que veñan de sentenzas firmes porque hai varias pendentas. Apunta que non hai sentenzas por 200.000 euros pero que se trata dunha previsión que se fai de aquí a fin de ano que non tería porque gastarse.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que se trata de máis do mesmo,. Porque se reivindicou dende fai tempo que nos orzamentos se contemplasen partidas para sentenzas. Engade que nos últimos orzamentos, para 2014 non prevían nada, e agora xa traen esta modificación. Sinala que nun Pleno se dixo que a maioría dos procedementos eran do P.P. pero di que ten na documentación desta modificación 19 procedementos e ningún é do P.P. Apunta que é certo que hai que pagar o que se debe e por iso van votar a favor, sinalando que o grupo do P.S.O.E. son especialistas en facer modificacións de crédito, e que se logo non se gasta todo modificarán outra vez para outra cousa. Di que esta modificación tamén a podían facer na piscina, porque é sinxelo e non votarlle a culpa ó P.P. Recalca que as sentenzas hai que pagalas polo que dende a responsabilidade van apoiar esta proposta.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que non hai sentenzas firmes para pagos inmediatos, polo que entenden que as modificacións orzamentarias as habrá que facer cando cheguen esas sentenzas firmes pero non agora, polo que van votar en contra. Engade tamén que era sinxelo facer modificacións para a piscina.



Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que as sentenzas hai que cumprilas. Di que é curioso que se aprobasen os orzamentos hai uns días e agora se modifique un orzamento prorrogado. Engade que non teñen a certeza de que as cuantías que se indican sexan as reais, e di que isto xa podía preverse cando se aprobaron os orzamentos.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que ésta foi unha proposta da Sra. Interventora en virtude de que había remanente positivo do 2013. Sinala que do punto 9 ó 19 do informe de servizos xurídicos dos procedementos que obra no expediente son sentenzas dos amarres, sinalando que creen que tería que ser a Xunta de Galicia quen pagase porque foi quen quitou a concesión. Engade que no punto cuarto, se refire a unha solicitude de responsabilidade patrimonial de Andrés López Blanco, sendo unha licenza que se concedeu no ano 2003, un mes antes das eleccións, polo que sí é un proceso que deriva do goberno do P.P. Manifesta que o resto son reclamacións e aclara que pola súa parte non se acusou de que por culpa doutros grupos non se pagara na piscina, senón que o que se dixo era que non parecía normal non aprobar os orzamentos en xullo e que nesxes orzamentos ían partidas para a piscina.

Non existindo máis debate procédese á aprobación da modificación de crédito nº 023/2014, por importe de 200.000 euros, mediante suplemento de crédito para facer fronte ó pago de sentencias xudiciais, con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e P.P., 3 votos en contra correspondentes ó grupo do B.N.G. e 2 abstencións correspondentes ó grupo do i.V.i., do seguinte xeito:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento prorrogado 2014, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

92902.22699	Imprevistos e función non clasificadas, sentenzas Outros gastos diversos	200.000,00 €
-------------	---	--------------

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	200.000,00 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”



5.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS E TAXAS.

Vista a proposta de delegación á Deputación Provincial de Lugo, con efectos 1 de xaneiro de 2015, de todas as competencias en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario como executivo, dos seguintes impostos: IBI, IAE, IVTM e IIVTNU. Tamén as competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, realizadas polos concellos en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida. O importe de compensación económica a favor da Deputación pola delegación referida consistiría en:

- O 3% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.
- O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

Por outra banda a Deputación realizaría entregas mensuais ó Concello sen custo algún, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercizo segundo as competencias delegadas. O importe das entregas a conta calcularíase sobre o 90% da recadación, por padróns do exercizo anterior, repartido en 12 mensualidades. A vixencia desta delegación remataría o 31 de decembro de 2018.

Esta proposta conta con informe de intervención e informe de secretaría sobre a tramitación do procedemento de delegación. Este asunto conta dictame favorable da Comisión Informativa de Economía.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra á Concelleira de Facenda, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, que intervén para dicir que ata o de agora había un convenio coa Deputación de Lugo onde se delegaba a vía executiva, e o resto se levaba no Concello excepto o IAE. Sinala que agora hai unha modificación nos convenios da Deputación que sinalan que ou se delega tamén a recadación en período voluntario ou non se pode delegar só o período executivo. Apunta que nesta proposta vai o IBI, AIE e IVTM, ademais do resto de cobros en vía executiva, así como IIVTNU. Di que vai abaratar custos e dar liquidez, e que incluso a vía executiva conleva un traballo laborioso que precisa de persoal moi especializado porque hai realizar trámites cos xulgados do mercantil, por mor de empresas en concurso de acredores, conlevando a realización de trámites importantes, non contando o Concello con persoal axeitado, xa que se tería que ter un tesoureiro habilitado. Engade que a través da Deputación custa o 3% e se se saca a concurso calquera empresa cobraría máis, estando na orde do 17%. Di que a Deputación cobra o 3% e abarata o custo doutros trámites, xa que polo o IAE cobraba o 10% e agora cobra o 3%, e en executiva cobraba o 100% dos intereses e agora vai cobrar o 3%. Recalca que sae máis barata a delegación na Deputación que a contratación dunha empresa privada.

Neste momento irrumpe no Pleno unha manifestación de estudantes, con parcantas e comezan a manifestarse.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que lles mostra todo o seu apoio indicándolles que están no medio dun Pleno da Corporación polo que poden estar como público pero deben respectar que se traten os temas que se están a tratar.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que este é un dos asuntos que van ás Comisións Informativas e parece que están claros pero logo unha vez mirados mellor non o están tanto. Sinala que hai que ter en conta que o 3% ó Concello vaille supoñer moito diñeiro, e sinala que respecto a que o Concello non conte con persoal capacitado, hai unha plantilla suficiente e debe buscarse o persoal cualificado, engadindo que podería dar nomes e apelidos de quen considera que podería levar a vía executiva. Apunta que a delegación suporía renunciar a 140.000 euros polo que van cambiar o sentido do voto da Comisión Informativa e van votar en contra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir en primeiro lugar que reiteran o seu apoio ós alumnos do Vilar Ponte, presentes como público neste pleno.

Apunta que respecto á delegación da recadación o B.N.G. maniféstase redicalmente en contra. Di que a recadación total no Concello supón uns catro millóns de euros, e que o diñeiro que se perde coa delegación serviría para levar a cabo outras políticas, considerando que non se lle debe regalar diñeiro á Deputación. Engade que a plantilla do Concello é ampla e capacitada pero hai que poñer orde e a xente a traballar. Sinala que o seu grupo está a favor da disolución das Deputacións, que son entes que levan ó caciquismo e cren que o Concello de Viveiro ten capacidade para levar a cabo a recadación, polo que anuncia o seu voto en contra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que teñen cada vez máis claro que as Comisións Informativas non serven para nada. Di que o seu grupo solicita que este asunto quede sobre a mesa e se estude. Engade que é unha proposta de Intervención e que merece un estudo moi consecuente porque se trata dunha delegación ata o 2018, considerando que hai varias cousas que non cadran, como os custos, que non haxa persoal cualificado no Concello, etc, considerando que cre perfectamente que exista e que podería dar nomes e apelidos. Apunta que con esta delegación o que se consegue é liquidez, pero entón que se plantexe así, como unha medida para obter liquidez, pero como plantexamento económico non. Di que tamén hai outro custo para os cidadáns, xa que se lles quitarían servizos que agora se lles dan aquí por persoal do Concello. Di que foi unha labor importante a prestación deste servizo e considera que este asunto hai que estudalo máis e ver os pros e os contras.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que cada vez está máis estupefacta e empeza a crer que é inútil facer as Comisións Informativas, xa que son unha perda de tempo e cústanlles cartos ós veciños para non servir para nada. Engade que a delegación ten un custo económico do 3% e que se necesita persoal cualificado, e no Concello a recadación en período executivo nunca se realizou. Sinala que tamén ten un custo facelo no Concello porque hai un custo económico, que a xente a fin de mes cobra un salario e se se lles dá máis carga de traballo iso custa máis. Engade que non chega o custo ós 90.000 euros, e en Monforte que leva a recadación unha empresa, cústalles o 17%, e que o goberno de Viveiro cre nos servizos públicos por iso propoñían a delegación na Deputación. Sinala que agora o Concello ten liquidez a fin de ano e con este convenio teríase liquidez dende o 1 de xaneiro de 2015, porque cada mes habería un adianto da Deputación, e se o Concello para ter esa liquidez vai a un préstamo tamén tería custos. Engade que os veciños terían o mesmo servizo, porque se xestionaría aquí e o cobraría a Deputación e di que está suficientemente estudado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as Comisións Informativas non serven para nada, e di que na Comisión Informativa a Interventora explicou todos os aspectos da delegación. Engade que se



trata dunha proposta que fixo a Interventora e que a consideran favorable para o Concello, pero di que non ten problema en que se retire este punto e facer outra comisión cun estudo máis exhaustivo, pero recorda que hai que aprobalo nun prazo determinado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que as Comisións Informativas son preceptivas pero non vinculantes, polo que o acordo que alí se manifesta non é vinculante e pode cambiarse o sentido do voto unha vez analizado máis en profundidade o asunto. Di que este convenio aporta liquidez mensual, pero que coas súas contas sae un custo non de 90.000 euros senón duns 137.000 euros, e respecto a deixar o asunto sobre a mesa non está de acordo porque considera que non hai nada máis que estudar xa que o asunto está suficientemente claro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que entenden que o asunto está suficientemente claro como para poder votalo neste pleno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo é o único que non incumpre o decidido nas Comisións. Engade que se pode ter liquidez igual. Di que hai que valorar tamén o servizo que se lles presta ós cidadáns. Di que no Concello hai persoal de servizos económicos, e que nos queixamos que hai un custo elevado de persoal e con isto ademais pagaríase por un servizo que se faga fóra. Di que considera que se debe realizar un estudo máis exhaustivo, e que por servizos económicos se fagan as valoracións oportunas, xa que considera que pola transcendencia que ten é un asunto importante, que non se debe tomar coa lixeireza de catro días. Apunta que a liquidez se podería ter igual

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que se non se xestiona a recadación pola Deputación non se tería liquidez igual.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que consideran que xa hai un estudo sobre este asunto pero que se hai dúbidas quen as ten que aclarar é a propia Interventora polo que van apoiar a retirada.

Pregúntase á Secretaria Municipal respecto ó proceder da votación tras a proposta de retirada.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que unha vez proposta a retirada dun punto da orde do día por un grupo procede votar sobre a retirada antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a favor da petición non haberá lugar a votar sobre a proposta de acordo.

Procédese á votación sobre a retirada deste punto da orde do día (deixalo sobre a mesa para a realización dun estudo máis detallado), con 8 votos a favor da retirada correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e i.V.i. e 8 votos en contra da retirada do punto, correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G.. Desempata o voto de calidade da Alcaldía, acordándose a retirada deste punto da orde do día (deixalo sobre a mesa para a realización dun estudo máis detallado).

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE COLOCACIÓN DE MEDIOS DE PROTECCIÓN NA SAÍDA DA PONTE DA MISERICORDIA.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o trata dende a Ponte da Misericordia ata a Capela do Ecce-Homo é un tramo moi concorrido, que tamén é transitado por escolares durante o curso, sendo un tramo que constitúe un foco de posibles



accidentes, polo que propoñen que se proceda a colocar en ambos tramos de beirarrúa medidas de protección, por exemplo, bolardos, que doten dunha maior seguridade ós usuarios destas vías.

Intervén a Sra. Alcadesa que lle cede a a palabra ó Concelleiro D. Jesús Fernández Cal, que intervéen para dicir que está claro que todo o relacionado coa seguridade é un tema sensible que preocupa a todos, pero consideran que neste caso é unha medida algo esaxerada. Di que a Ponte leva decenas de anos ahí e os percances na mesma foron mínimos, polo que non hai nada especial que apunte a poñer medidas especiais na mesma. Di que hai límite de velocidade, e un paso elevado, e que de tomar esta medida habería que estendela dende o Camping ata a Cruz Vermella porque se están a facer carreiras na zona escolar e por desgraza relacionadas cun taller, no que está o xerme do problema, o que se está estendendo por todo Viveiro, en zonas recentemente aglomeradas, polo que é un tema preocupante. Engade que a solución podería ser que a COTOP, xa que é a súa estrada, puxese uns medios para limitar a velocidade ou un muro porque os bolardos pouco limitan, pero entraríase no tema da estética, xa que un muro en toda a zona escolar non sería moi estético e positivo para o Concello. Consideran a medida como esaxerada e entenden que podería deixarse que o estudo de a COTOP a ver se se pode facer algo que non rompa a estética desa Ponte.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que os bolardos non prohiben que un coche realice un atropello. Di que nesa zona non recordan accidentes graves, que pode estudarse máis a velocidade, como por exemplo reducila a 30 km/h en zona escolar. Apunta que o seu grupo se vai abster e estarían de acordo en facer unha reunión e estudo de medidas, estando de acordo co sinalado polo Concelleiro do P.S.O.E.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que cando se presentou esta moción se requiriu dende a Alcaldía un informe ó inspector da policía local sobre as incidencias na zona, informando que non ten constancia de ningún accidente nesa zona.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que todo o que sexan temas de seguridade o ven ben, e que lle pide ó P.P. que aclare se se refire a todo o tramo dende a Ponte ata a Opel, apuntando que sería algo a estudar. Propoñen que se faga un estudo pola policía local das medidas que se poderían tomar en cada sitio e estendolo a todas as zonas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que aceptan as propostas realizadas, entendendo o problema que pode supor a estética. Di que a COTOP xa indicou que autorizarían os bolardos. Engade que informe a policía local polo que incorporan á moción a proposta. Din que se trata de vixiar a seguridade de todos e dos nenos en particular, e que se conxugue a estética e a seguridade, entendendo que non se debe esperar a que pasen cousas para tomar medidas.

Intervén o Concelleiro do P.S.O.E. D. Jesús Fernández Cal para dicir que nos últimos tempos se vota man dos bolardos cando realmente estes son para cousas moi concretas, polo que tampouco ten sentido poñer moitos bolardos cando en realidade non serven para nada, polo que considera que o máis acertado sería sentarse a estudar o tema xunto coa policía local.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que está de acordo con D. Jesús Fernández Cal.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., Antonio Bouza Rodil para dicir que non ten problema en retirar a palabra bolarados da moción, xa que se poñía como exemplo, que o que se pretenden son medidas de protección., tamén está a favor de que se cre unha comisión de estudo, así como de que informe que a COTOP nas súas zonas, polo que se trataría de facer unha comisión para estudar este tema e outros que teñan que ver coa seguridade vial, co requerimento da presenza da policía local e tráfico.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose, por unanimidade, a creación dunha comisión de estudo para estudar as medidas de seguridade a aplicar e calquera outro tema que teña que ver coa seguridade vial coa presenza da policía local e tráfico e a consulta á COTOP sobre medidas de seguridade nas súas vías.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. RELATIVA Á ELABORACIÓN DUNS CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Ó DEPORTE.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, que procede á lectura da moción, que en resumo di que o P.P. constatou o malestar existente entre as asociacións e clubs deportivos pola non existencia duns criterios obxectivos e claros á hora de repartir as axudas municipais en materia deportiva, queixándose da discrecionalidade á hora do reparto. Que a Alcaldesa non variou este sistema nos orzamentos do 2014, onde a cantidade asignada a deportes vai de xeito xenérico non consignando ningunha subvención nominativa, e xa no 2013 só se consignou nominativamente a tres asociacións. Dende o P.P. defenden a necesidade de regular baremos claros para a concesión das axudas que poderían estar fixados no nº de fichas, de alumnos, monitores coa debida cualificación-titulación, ligas nas que se compite, etc., polo que propoñen o acordo de crear unha comisión integrada por un representante de cada partido político representado nesta Corporación, xunto con integrantes das distintas asociacións deportivas de Viveiro, para o estudo e elaboración dunhas bases que rixan con criterios obxectivos a concesión das axudas municipais ó deporte.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que dende que governa o P.S.O.E. se potenciou o deporte. Engade que se realizaron 40 millóns de euros en obras, que trouxo ó pleno e puxo a disposición dos grupos pero ninguén as recolleu. Sinala que todos os anos se dedica unha partida ó deporte, sendo o Concello que máis colabora da provincia. Di que a situación económica cambiou e hai que manter os servizos fundamentais, e que o P.P. dende a Xunta e Estado destrúe os servizos fundamentais, como a educación e a sanidade, que asfixian ós concellos, quitan axudas e subvencións. O Concello colabora con cantidades, paga buses, axuda a torneos, todas as instalacións son gratuitas, cando os Concellos limítrofes cobran. Tamén se aporta con gastos de persoal, custando 160.000 euros os gastos para instalacións deportivas, pagándose tamén luz, mantemento de maquinaria, etc., contando tamén case con 300.000 euros só para o deporte. Di que non ten problema en crear comisións, pero sorprende que se propoña estando na oposición. Engade que aquí todo é transparente, considerando que se se crean as comisións primeiro deben ser cos portavoces e logo escoitar ós clubs.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que do pasado non se vive, que hai que construír futuro, e que van propoñer que se cree esta comisión no momento en que haxa unha partida para os clubs, que agora non a hai, polo que se crearía unha comisión para unhas bases pero non hai partida, que co 3% que ía cobrar a Deputación xa chegaría para o deporte. Engade que están de acordo con que se paguen os trofeos, os buses, pero debería



facerse en base a algún criterio. Apunta que cando estivo o B.N.G. había unhas bases, que era segundo o nº de fichas, etc. Di que en lugar de dar a uns ou a outros debe facerse un criterio para todos de forma obxectiva, con igualdade. Engade que agora pode haber diferencias, xa que non se sabe canto se lle deu a cada asociación, sendo importante saber canto se lle deu a cada un. Engade que debería modificarse o orzamento para crear unha partida e logo facer esta comisión.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que si hai partida, 53.156 euros. Engade que están de acordo coa moción, pero que lle engadiría tamén que se trasladese ás asociacións culturais.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que si hai unha partida, xenérica, que logo se pode facer nominativa, pero si está previsto nos orzamentos, a parte de haber outra partida para mantemento, etc.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que si hai partida, baixo o epígrafe xenérico de gastos diversos, aceptando a incorporación para asociacións culturais. Di que a idea é creala e logo decidir como traballar, primeiro avanzar un boceto e logo coas asociacións. Engade que a razón é propoñelo para que todos actúen nunha dirección igual porque o deporte ten unha función social moi importante.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se mira ó futuro pero tamén hai que ser coherente co que se fixo, e indica que antes non había nin un só criterio.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G. D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que hai partida económica pero non para subvencións, que se estaba a referir a que non hai partida para subvencións, polo que haberá que facer unha modificación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para preguntarlle ó Interventor por delegación sobre a existencia de partida, o que indica que para deportes si hai partida pero para conceder subvencións hai que facer primeiro unha modificación, que pode ser por resolución de alcaldía.

Non existindo máis intervencións, procédese á votación, acordándose, por unanimidade, tras a aceptación polo P.P. da proposta de inclusión das asociacións culturais proposta polo i.V.i. e da creación de partida para subvencións proposta polo B.N.G. por confirmar o interventor que para subvencións como tal non había consignación, a aprobación da moción do P.P. do seguinte xeito:

Crear unha comisión integrada por un representante de cada partido político representado nesta Corporación, xunto con integrantes das distintas asociacións deportivas e asociacións culturais de Viveiro, para o estudo e elaboración dunhas bases que rixan con criterios obxectivos a concesión das axudas municipais ó deporte e á cultura, e se modifiquen os orzamentos para crear unha partida para subvencións, para a creación posterior desta comisión.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. PARA QUE A XUNTA DE GALICIA SE FAGA CARGO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIVEIRO.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que están esperando a que a Xunta de Galicia sorprenda cos orzamentos para o 2015, polo que presentan esta moción para ter unha xuntanza co Conselleiro, e procede á lectura da moción, que en resumo di que dende hai máis dunha década se está a intentar que a Xunta de Galicia asuma o man-



temento económico do conservatorio profesional de música de Viveiro, sen que ata este momento se acadara por parte da mesma compromiso algún. Nin os gobernos do P.P. nin os bipartitos da Xunta levaron a cabo esta demanda. No 2004 dicían que nun futuro plan goblal se poderían facer do conservatorio de Viveiro xunto con outros 25 que había en Galicia pero non se soubo máis. No 2008 o Alcalde de Viveiro indicaba que debería plantexarse de forma conxunta con todos os que estaban na mesma situación e se trasladaría a reivindicación á Fegamp, sen ter máis noticias. No 2011 o Concello abriu un concurso público para a consolidación dos empregados, que era un dos principais reparos que poñía a Consellería. A carga económica para o Concello é moi importante, e o conservatorio de Viveiro é un dos que máis estudantes aporta ós graos superiores. Que o conservatorio fose asumido pola Xunta de Galicia era un dos compromisos do programa de goberno do i.V.i. co que acudiron ás eleccións de 2011, polo que solicitan que se adopte o acordo de solicitarlle ó Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha entrevista urxente, con todos os portavoces dos partidos que compoñemos a Corporación Municipal de Viveiro, encabezados pola Sra. Alcaldesa, facendo extensible tamén a participación da recente nomeada Xefa Provincial, Sra. Gueimunde, para tratar sobre a transferencia do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro á Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que é unha reivindicación do P.S.O.E. dende hai tempo, que tanto o goberno bipartito da Xunta como o do P.P. non aceptaron. Di que xa se pediu unha reunión xunto co director do conservatorio. Apunta que o seu grupo vai votar a favor, pero que se lles parece ben a esta primeira reunión que hai solicitada acuda a Alcaldesa e o director do conservatorio e logo solicítase esta reunión que se propón na moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que cando soliciten a reunión indiquen que solicitan que esteña presente a Sra. Gueimunde, porque depende directamente do Conselleiro. Engade que xa presentaron unha moción neste sentido en decembro de 2010, sendo integrantes do P.P. de Viveiro, e que se isto se conseguise sería moi importante e alixerárase a carga económica do Concello.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que está totalmente de acordo. Engade que é curioso que diga o Sr. Bouza que no 2010 se aprobou unha moción do P.P. e dende entón non se avanzou nada, sendo gobernada a Xunta polo P.P. Engade que todos están de acordo pero se o partido que goberna non fai nada non serve de moito, e apunta que seguro que ata despois das eleccións municipais non vai haber movementos, e coa actitude que ten a Xunta de Galicia con Viveiro leva a ser bastante pesimista.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que nas últimas mocións que están a presentar inclúen a todos os portavoces porque non dubida das reunións da Sra. Alcaldesa pero considera que a unión fai a forza e máis falan 5 que 2. Engade que o ano 2015 hai dúas eleccións importantes e ó mellor é o mellor momento para plantexalo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o conservatorio lle custa ó Concello uns 600.000 euros ó ano.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que é verdade que dende o 2009 non se avanzou nada, pero como dixo antes o B.N.G. noutro punto non se debe mirar ó pasado senón construír o futuro.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que hai que construír o futuro pero mirando o pasado.

Non existindo máis debate procédese á votación acordándose por unanimidade, aprobar a moción proposta polo i.V.i., do seguinte xeito:

Solicítalle ó Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha entrevista urxente, con todos os portavoces dos partidos que compoñen a Corporación Municipal de Viveiro, encabezados pola Sra. Alcaldesa, facendo extensible tamén a participación da recente nomeada Xefa Provincial Sra. Gueimunde, para tratar sobre a transferencia do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro á Xunta de Galicia.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén a Sra. Alcaldesa para aclarar que o P.P. envía á prensa antes as cuestións que logo plantexa como rogos e preguntas, e realizan afirmacións na prensa que logo non se corresponden coa realidade, xa que dicían que hai abandono do equipo de goberno e non falan dos baches e maleza de estradas nin do Porto de Viveiro, sabendo que é imposible ter cada día todo desbrozado ou todas as luces arranxadas, acusando ó goberno local de deixadez, cando se mantiveron durante o verán as prais limpas, se colaborou coas comisións de festas, se realiza o mantemento dos cinco colexios de primaria, etc.

Logo desta aclaración procede ó tratamento dos rogos e preguntas presentados.

A.-. D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación os seguintes ROGOS ó obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible, co N° de rexistro 6.953:

1º) Algunhas pistas, camiños e rúas de acceso a vivendas como as da rúa Pedregal, o acceso o centro social do apeadeiro, o acceso o antigo colexio, Puxigueira, Cascallar, Tora, Sacido e Pedreira na parroquia de Covas, Camiño de Meira en Celeiro, acceso desde Verxeles ás Aceas en Xunqueira, acceso á escola vella de Galdo, de Cabana a Portel e de Casanova a Xota en Vieiro, Barrio de Pedrouso en Landrove e Barrio da Misericordia, todas elas presentan abundante maleza a pesares de que algunhas se limparon a principios de xuño. Dado que o seu mantemento lle corresponde ó Concello e polo que ROGAMOS á delegación de medio ambiente do goberno local que adopte as medidas que sexan necesarias para a súa axeitada limpeza e adecentamento.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que medrou en agosto, e que o persoal traballa para limpar todas as zonas.

2º) No Pleno celebrado o 4 de setembro do 2014, e co voto en contra do noso grupo saíu adiante a proposta de retirar a placa do cargadoiro da Insua, onde se informaba da súa inauguración sendo ministro Jaume Matas e Alcalde de Viveiro César Aja Mariño; como queira que terán que acercarse ata dito lugar para a súa reitarada é polo que lle ROGAMOS á Alcaldesa, que de paso tape as fochancas existentes na estrada que vai ata o cargadoiro, que corte a maleza existente en distintos puntos do mesmo, que amaíen as táboas descravadas nos distintos miradores, que limpen as pintadas existentes nos muros e coloquen algunhas luminarias que están descolgadas.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o 2 de febreiro se solicitou á Xunta de Galicia un obradoiro de emprego, e que o volume do mantemento resulta imposible de abarcar polo persoal de obras. Que a orde dos obradoiros de emprego di que se non se responde se considera denegado, polo que a Xunta non respondeu ninguneando a Viveiro, polo que se realizará co persoal de obras cando sexa posible.

3º) O aparcamento situado entre a Cruz Vermella e o Colexio Lois Tobío presenta un importante número de fochancas, algunhas delas moi grandes, o que representa un perigo para os condutores que estacionan alí os seus vehículos, motivo polo que ROGAMOS ó equipo de Goberno que proceda ó seu asfaltado á maior brevidade para solucionar esta situación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que dende que cesaron as choivas se votaron 20 toneladas de aglomerado en frío, e que hai tramos sen bachear pero sen perigo para os condutores, que se irán bacheando segundo se poda.

4º) Existen algúns terrazos rotos e soltos da beirarrúa na avenida da Misericordia fronte á entrada do supermercado Día o que resulta perigoso para os viandantes, motivo polo que ROGAMOS ó equipo de goberno que se realicen os traballos necesarios para a súa reparación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se poñerán en contacto para dar solución ó problema.

B.- D. JAIME DE OLANO VELA, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular e no seu nome, ao amparo do establecido en el artículo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta o seguinte ROGO á Sra. Alcaldesa, Nº de rexistro 7.023:

Recentemente a Xunta anunciou a posta en marcha dun programa consistente, na colaboración cos Concellos para a realización dunha auditoría das luminarias que existen nos distintos espazos públicos de Galicia. Neste sentido e pese a que son as empresas contratadas as obrigadas ao mantemento e conservación destes elementos, non cabe a menor dúbida de que estes traballos faranse baixo a supervisión das Entidades Locais.

Sen ánimo de ser alarmista, este Grupo Municipal constatou que nalgunha das farolas dos nosos espazos públicos, en concreto na ponte da Variante, moi transitada polos veciños e visitantes, así como no paseo marítimo e outras zonas de Covas, atópanse nunha situación que ao noso xuízo é potencialmente moi perigosa para a saúde e seguridade das persoas e cremos que é nosa obriga solicitar a súa solución inmediata.

Polo exposto, ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que con carácter urxente e inmediato ordee a quen corresponda facelo (Concelleiro de obras ou empresa concesionaria) a reparación desta situación potencialmente moi perigosa par a saúde e seguridade de veciños e visitantes coa colocación da farola que falta na ponte da Variante ou, como mal menor, coa colocación dunha tapa na base dunha farola que non existe actualmente –facendo desaparecer os cables que actualmente están ao aire-, ademáis de colocar as tapas de acceso á conexión doutras farolas situadas no Paseo Marítimo e na Rúa dos Castelos na zona de Covas; pediríamoslle asimesmo que proceda a recabar da Xunta de



Galicia a información necesaria para adherirse, se así o estima conveniente, ao programa de auditoría das luminarias do Concello de Viveiro ou ben que solicite da concesionaria información suficiente do estado de mantemento e conservación das mesmas no noso Concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que debido a outra afirmación que fixeron sobre o tema de aforo enerxético o equipo de goberno púxose en contacto coa Xunta de Galicia e dixeron que non había medios. Consultado co electricista di que non hai perigo, na Ponte, na variante sí o había pero xa está arranxado, e para arranxar estes problemas está colaborando a Deputación Provincial de Lugo.

C.- O mesmo Concelleiro, Sr. de Olano Vela, realiza á Sra. Alcaldesa a seguinte PREGUNTA sobre a que desexa obter a correspondente resposta ben sexa oral ou escrita, Nº de rexistro 7.022.:

O derradeiro mes de abril, a Sra. Alcaldesa anunciou a construción, en terreos cedidos pola Comunidade de Montes de San Roque, dunhas instalacións nas que poder atender aos animais perdidos e abandonados en Viveiro.

Cofecedores dos antecedentes do equipo de goberno municipal respectos dos centros de animais, baste lembrar o anuncio do anterior alcalde sobre a construción dun centro de animais abandonados por valor de 60.000 € que finalmente quedou en nada pese a ter comprometida a axuda pola Xunta de Galicia, é polo que desde o Partido Popular desexamos que a Sra. Alcaldesa teña a ben contestar as seguintes preguntas:

- En que estado se atopan as obras de acondicionamento anunciadas no mes de abril?.
- Se atopan en funcionamento as instalacións prometidas?.
- Cumpren coas características legalmente establecidas para este tipo de instalacións?.
- Solicitáronse os preceptivos permisos sanitarios, medioambientais, etc.?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que no Monte de San Roque se habilitaron recintos. Estas instalacións non son canceiras, senón un lugar de tránsito para os cans en tanto non se atopa unha situación definitiva.

D.- D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter a correspondente resposta, ben sexa oral ou por escrito, Nº de rexistro 6.954:

1º) No Pleno do 03/04/2014 o grupo municipal do PP presentou un ROGO dirixido á Alcaldesa interesándonos pola finca da obra paralizada na rúa Emilio Bouza Basanta, ó carón das vivendas sociais de O Pedregal na parroquia de Covas. Nese rogo pedíamos, que a maior brevidade posible, se adecentase, se limpiase e se eliminasen do oco da obra as augas estancadas, xa que producían un cheiro nauseabundo, así como plagas de mosquitos que incluso penetraban nas vivendas, aparte da imaxe tan lamentable que provocan e que en absoluto contribuen a mellorar o medio ambiente. A resposta dada pola Alcaldesa neste pleno foi que existía un problema xurídico e que non sabía moi ben a quen acudir, xa que había varios promotores e unha das empresas estaba en concurso de acredores, polo que o Concello buscaría solucións. O certo é que os veciños seguen demandando solucións para esta situación, sendo a prioridade eliminar as augas estancadas no oco da obra para tratar de evitar as refiridas plagas de mosquitos e outros inconvenientes.

Por todo isto lle preguntamos á Alcaldesa.;



- 1) Ten buscado algunha solución inmediata para eliminar estas augas estancadas tal e como piden os veciños desta zona?.
- 2) Qué medidas vai adoptar para adecentar esta zona de obra paralizada e mellorar así tanto a estética como a calidade medioambiental desta zona?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o tema está en mans dos responsables de urbanismo para que soliciten a solución a quen corresponda. Di que van ter unha reunión con Andrés López Blanco e Os Molineros en relación a este tema.

2º) No Pleno do 03/04/2014 este grupo municipal facíalle un rogo á Alcaldesa dando traslado das demandas de varios veciños do Barrio de Verxeles, na maioría persoas de idade, que alertaban da necesidade de máis bancos, xa que os dous existentes eran insuficientes. A resposta a este Rogo foi que se estaba buscando a solución para colocar máis bancos. Como xa pasaron seis meses desde este Rogo é polo que lle preguntamos á Alcaldesa

- 1) Teñan pensado colocar máis bancos.
- 2) En caso afirmativo, en que data se procederá a súa colocación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando sexa posible se realizará, que a idea é facelo cando se acometa na zona a obra para dotar a Viveiro dun dobre sentido de circulación.

3º) Hai uns meses este grupo municipal, solicitou a través duns rogos, marquesiñas paa as paradas de bus no barrio do Chao, en Celeiro, e no barrio da Cruz en Covas, sendo nesta última onde se observa, dende hai tempo, unha marquesiña desmontada e preparada para a súa colocación. Dado que xa se iniciou o curso escolar e é moi usada polos rapaces, así como polos veciños para gardarse das inclemencias do tempo é polo que lle **preguntamos** á Alcaldesa

1) Cando teñen prevista a colocación das citadas marquesiñas nos barrios da Cruz en Covas e do Chao en Celeiro?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a marquesiña colocarse cando se poda, cando haxa orzamento que o permita adquiriranse máis e colocaranse.

4º) No Pleno do 03/04/2014 este grupo presentou unha moción que se aprobou por unanimidade, relativa á cesión a Costas dunha parcela aledaña ao paseo do Landro, na zona do Castelo-Magazos, para construción dunha instalación onde gardar material náutico-deportivo, solicitando a cesión da mencionada parcela por parte do Concello a Costas e facultando á Alcaldesa para realizar os trámites pertinentes.

Como a día de hoxe descoñecemos as xestións realizadas é polo que preguntamos á Alcaldesa:

- 1) Realizouse algunha xestión perante a Xefatura de Costas?.**
- 2) En caso afirmativo, cal foi o resultado de dita xestións?.**

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concelleiro de Obras estivo co Xefe de Costas e dixo que a día de hoxe non están en condicións de facelo.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que son preguntas e rogos do Pleno anterior.

E.- O Concelleiro D. Guillermo Leal Arias, portavoz do Grupo Municipal do Partido dos Independientes de Viveiro, no Concello de Viveiro,

EXPÓN

Que ao amparo do disposto no art. 35 da Lei de Procedemento Administrativo Común; no art. 77 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos arts. 14, 15 e 16 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza os seguintes N° de rexostro 6.595.

ROGOS

1. Por parte deste portavoz, en abril de 2010, presentárase unha moción para a rexeneración e limpeza da ría de Viveiro en varios puntos, aprobada por unanimidad de todos os grupos da Corporación Municipal. Así tamén en 2011 tamén se traía a este Pleno unha pregunta sobre se había constancia neste Concello se a Consellería de Medio Ambiente, invertiría cinco millóns de euros nun plan de saneamento da ría de Viveiro, dado que saíra publicado nun xornal. Dende esas datas observamos que nada se ten feito sobre este tema, por elo **ROGAMOS** o equipo de goberno nos indique as xestións que se fixeron, e se por parte da administración autonómica houbo resposta, dado que as zonas indicadas seguen a presentar uns aspectos pouco decoroso, ademais de desprender en ocasións un cheiro moi desagradable.

A Sra. Alcaldesa di que no 2011 o Conselleiro de Medio Ambiente dixo que se ía investir na Ría de Viveiro e o 1º tenente de alcalde mandou un escrito á nova conselleira cun recorte de prensa da promesa, pero estase á espera de que contesten.

2. Na relación do programa sobre obradoiros de emprego publicada pola Xunta de Galicia, non aparece ningún para o noso Concello, por isto **ROGAMOS** se nos dea conta se de conta se por parte do equipo de goberno se fixeron xestións e solicitude dos mesmos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que en febreiro de 2014 solicitouse o obradoiro de mantemento e está denegado. Cos plans de cooperación para socorristas e mantemento de praias só tivemos seis, e o resto houbo que realizalo con persoal municipal.

3. Dende hai unhas datas no aparcadoiro en onde está ubicado o Gadis, na Avda. Ramón Canosa pódense ver uns grandes carteis coa lenda “Parking exclusivo para clientes Gadis, propiedad privada”. Por isto **ROGAMOS** nos indiquen se o Concello ten constancia deste feito, e se se vai facer algo ao respecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que os terreos era unha cesión de Portos para o Concello. O P.P. ía construír ahí unha praza de abastos, pero realizouse reversión dos terreos a Portos e en 2011 unha



cesión de uso privado. Engade que o IBI se lles pasa ós titulares da cesión e o pagan, e descoñécese como foi a reversión.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández para dicir que é paradóxico que os datos da titularidade catastral estean a nome do Concello de Viveiro, os datos do rexistro din que a concesión administrativa para edificios náuticos e dársena deportiva está a nome do Casino de Viveiro. No ano 1983 concedéuselle ó Casino a concesión por 30 anos, caducando o 11 de marzo de 2013, que podía ser prorrogada ata 50 anos. No catastro está cunha titularidade, no rexistro con outra, polo que falta algo que en Portos ou Catastro se poda acreditar, e deberían explicarnos como e de que maneira pasou a Gadis a parcela, xa que ahí tiña que ir o inicial pantalan para o casino.

4. O edificio que alberga a Cruz Roja está pechado a cal e canto dende hai tempo, **ROGAMOS** que por parte do equipo de goberno se fagan as xestións oportunas para solicitarlle o estamento Cruz Roja a cesión para o Concello de dito inmovible, para poder adicalo a actividades promovidas polo mesmo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que comunicaron que necesitaban ese edificio e a atención a alzheimer que estaba alí trasladouse ós claustros, polo que neste momento non se sabe a que adican o edificio.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández para dicir que cre que agora está pechado, polo que debería verse a que o adican e se vai estar pechado que o cedan.

5. En varias ocasións preguntouse neste Pleno sobre os malos olores que desprendía a planta da Edar do cruce de Celeiro. **ROGAMOS** nos indiquen se se fixo algunha xestión e actuación para evitar, na medida do posible, eses cheirumes.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que VIAQUA di que as 2 balsas onde van os lodos levan dous axitadores, e xa se realizou unha modificación para minimizar o problema.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández para dicir que non é técnico pero este problema ocorre dende case que se puxo a depuradora.

6.- Á maioría dos semáforos non lles funciona o botón para premer os peóns. **ROGAMOS** nos indiquen se está previsto o arranxo dos mesmos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que formaba parte do temporal e mandouse a subdelegación sobre o que custaba. Di que se pediron orzamentos e os vai arranxar o Concello.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández para dicir que non funciona ningún.

7. En varias ocasións trouxéronse a este Pleno varios rogos para tratar de regular a instalación de autocaravanas e caravanas que nos visitan, no noso Concello, (e benvidos sexan a noso pobo), coa creación dun espazo controlado para a regulación das mesmas. Por parte da Alcaldía respostábase que o mellor era facer unha Ordenanza municipal cos permisos temporais a que teñan dereito e limitacións de aparcamento. Este verán volveuse a repetir a escena, cada quen para onde lle peta, por isto **ROGAMOS** nos indiquen se se fixo ou se está facendo algo sobre este tema.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se está nese tema pero debido ó volume de traballo non está feito.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández para dicir que veu un sinal ó lado do pabellón de prohibido estacionar caravanas. Debería terse unha zona para que parasen alí porque queda lixo tirado onde están.

F.- O mesmo Concelleiro, formula o seguinte ROGO, co N° de rexistro 6.594.:

Den hai anos, exactamente dende 2003, o día do izado das bandeiras na Casa do Concello, no comezo das festas patronais e de verán de Viveiro só é interpretado o himno Galego, e non se escoita o himno nacional de España. Dado que é un acto oficial co izado das enseñas, e tal e como indica o Real Decreto 1560/1997, entendemos que se fai obrigatoria a interpretación dos dous himnos. É polo que **ROGAMOS** á Sra. Alcadesa que faga todo o posible para que este ano volten a soar os dous himnos que nos representan, tanto como galegos como españois.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non ten importancia, que se izan as tres bandeiras, que hai dous himnos e tocan o himno galego porque é unha festa local, e que incluso se Viveiro tivese un himno oficial sería ése o que tocarían.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22:30 horas do día 2 de outubro de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.